

REDRUM TEATRO PRESENTA

A NENA QUE QUERÍA NAVEGAR

XXI
PREMIOS
MARÍA CASARES

NOMEADOS A
MELLOR
ESPECTÁCULO
INFANTIL
MELLOR
VESTIARIO



LAURA MÍGUEZ GUILLERMO CARBAJO CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO

Deseño Cartel e Album Ilustrado RODRIGO CHAO

Atrrezzo, Vestiario e Monicreques DIEGO VALEIRAS Construción Escenografía ESCENOSSET
Iluminación CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO Música SUSO ALONSO Producción REDRUM TEATRO

Texto ALEX SAMPAYO e BORJA F. CAAMAÑO

Dirección ALEX SAMPAYO



A COMPAÑÍA

Redrum Teatro somos unha compañía teatral creada no 2009 que apostamos por conxugar grandes valores da nosa escena con novos creadores cunha visión innovadora e arriesgada. Ata o de agora levamos estreados os espectáculos para adultos "A Pensión", "Curriculum Vitae", "Amor Flexible" e "Noiteboa", e as montaxes familiares "Moito Conto" e "Roedores".



O DIRECTOR

Alex Sampayo é un director e realizador coñecido principalmente no sector audiovisual, no que leva traballando máis dunha década.

Entre os seus traballos destacan as exitosas series de televisión "El Internado" emitida por Antena 3 ou "Padre Casares", "Terra de Miranda" e "Valderei" emitidas pola TVG. Ou "Schimbare", longametraxe protagonizada por Candela Peña e Luis Zahera.

Comeza no teatro da man de Redrum cun texto da súa propia autoría, "A Pensión". Logo virian os musicais infantís "Moito Conto" e "Roedores" e as comedias "Curriculum Vitae", "Amor Flexible" e "Noiteboa".

*"Grazas Redrum Teatro! Que historia tan bonita!
Veño emocionada e a miña filla mais ca min!
Traballo impecable e o tema tratado con moito cariño e tacto!
O mellor... As cancións!!! Mil grazas por todo!!!"
"Abeja Maya" de Moaña**

*Comentarios extraídos de Facebook

A
B
I
A

**Crendo nas nosas capacidades
seremos quen de acadar todo
o que nos propoñamos.**

**Só mellorando a autoestima
dos rapaces e das rapazas
conseguiremos previr
situacións de acoso escolar.**

O PROXECTO

A Nena Que Quería Navegar é un proxecto destinado a un público familiar, principalmente infantil de entre seis e doce anos. Nel tratamos un tema que nos preocupa e desacouga a partes iguais, e que tristemente cada pouco acapara as portadas de todos os xornais. Este tema é o acoso escolar, tamén coñecido co termo anglosaxón **bullying**. Diversos estudos afirman que máis dun 30% de alumnos e alumnas dos diferentes ciclos de ensinanza sufriron algún tipo de acoso, e entre o 5% e o 10% padeceron acoso escolar grave con consecuencias psicolóxicas para as vítimas. Son sen dúbida unhas cifras moi preocupantes.

Este é un problema social ao que non lle debemos dar as costas e do que **todos e todas somos responsables**. Precisamos detectalo a tempo para corrixir as accións que converten en verdugo a un rapaz e en vítima a outro. Grazas ao teatro, e grazas ao seu **poder educador**, podemos traballar para minorar estas cifras.

A Nena Que Quería Navegar conta a historia de A Nena, unha rapaza sen nome que farta de insultos, empurróns e illamento social, foxe da escola para non volver nunca máis. Na súa aventura atopará ao Xeadeiro, un personaxe máxico e vital, que lle devolverá a **autoestima** perdida a base de contos, adiviñanzas, xogos e cancións. Ensinaralle que dentro de cada un de nós agóchase un ser único e especial, e que só crendo nas nosas capacidades seremos quen de conseguir todo o que nos propoñamos.

Traballar coa idea do **reforzo positivo** é unha das claves para previr o acoso escolar. Só un rapaz forte e cunha alta autoestima é quen de facer fronte ao acoso. Queremos que os nosos pequenos espectadores saian fortalecidos despois de asistir á representación de *A Nena Que Quería Navegar* e teñan ferramentas para previlo.

Tentamos que cada proxecto ao que nos enfrontamos sexa único, especial e singular. Nesta ocasión para a creación do noso mundo onírico tomamos como referente o imaxinario de **Tim Burton** e en especial o seu libro de poemas *A Melancólica Morte do Rapaz Ostra* onde retrata con grande lirismo a nenos e nenas diferentes, solitarios e vítimas de acoso. Tim Burton é melancolía pero tamén é luz, cor, maxia e ilusión, e todo ese mundo tan particular está reflectido neste espectáculo. Un espectáculo **optimista, colorista, emocionante**, impulsivo, reflexivo, festivo e no que mesturamos varias disciplinas artísticas como o teatro de monicreques, o teatro de obxectos, as proxeccións a **música en directo** e coreografías.



*"Moi boa obra para os pequenos!!!
Adaptacións de cancións coñecidas polos pais!!!
Simplemente.....PERFECTA!!!!"
Marcos Benítez de Ourense**

*"Moitas grazas por facer unha obra tan bonita.
Tanto as nenas coma os maiores que vos acabamos
de ver quedamos encantados co voso traballo.
Como nai e mestra encantárame
que tódolos coles vos puidesen ver."
Patricia Díaz Freire de Ourense**

*"Xenial!!! Moi bo traballo,
xeniais as cancións e inmejorables
os aprendizaxes!! Totalmente recomendable!!!"
Verona Ro de Ourense**

ELENCO

A Nena Laura Míguez
O Xeadeiro Guillermo Carbajo
Profesor Sorsor Carlos Álvarez-Ossorio

E as voces de Marián Bañobre,
Arantza Villar e Fernando González

EQUIPO TÉCNICO

Dirección Alex Sampayo
Texto Alex Sampayo
Borja F. Caamaño
Deseño Cartel e Ilustracións Rodrigo Chao
Construción escenografía Escenonet
Atrezzo, Vestiario e Monicreques Diego Valeiras
Música Suso Alonso
Iluminación Carlos Álvarez-Ossorio
Produción e Distribución Redrum Teatro

SINOPSE

A Nena está farta de ser o centro das mofas dos seus compañeiros, e por iso foxe da escola coa intención de non volver nunca máis. Na súa aventura topará co Xeadeiro, un ser máxico e vital, que a base de contos, adiviñanzas, xogos e cancións, devolveralle a autoestima perdida. Ensinaralle que dentro de cada un de nós agóchase un ser único e especial, e que só crendo nas nosas capacidades seremos quen de acadar todo o que nos propoñamos.

DATOS TÉCNICOS

Comedia Musical
Duración aprox 50 min
Recomendada a partir de 4 anos
Adaptable a calquera espazo
Custe por función 2.178€

REDRUM TEATRO
Rúa Carballo, 27
15894 Os Tilos - Teo (A Coruña)
Tlf: 617.334.627 / 692.632.733
redrumteatro@gmail.com
<http://redrumteatro.wixsite.com/anena>

X
E
A
D
A